


QUE NOS COÑEZAN POLAS OBRAS

Victoriano Taibo iniciou a publicación da súa obra poética nos anos 10 do século XX, concretamente en 1913, a través de diferentes medios como *Vida Gallega*, *O tío Marcos da Portela*, *A Nosa Terra*, *Ilustración Gallega*, *Resol ou Labor Gallega*. O seu primeiro libro non se publicará até 1922, *Abrente, versos gallegos*¹, e estará seguido de *Da vella roseira, cántigas orixinás* que se publica en 1925. Posteriormente seguiu publicando en revistas e xornais, mesmo nos primeiros anos da ditadura, pois en 1943 publica "Troula" no calendario *O gaitero de Lugo*. Non volvería publicar libro ningún até a década de 1950, o libro de contos e lendas *Da agra aberta*. No momento da súa morte (1966) estaba a traballar nun novo volume de poesía que, segundo recolle Fernández del Riego², levaría por título *Cabrinfolas*. Carballo Calero³ sinala que o noso autor escribía moito máis do que chegou a publicar, e que, a parte do nomeado *Cabrinfolas*, tamén anunciou os títulos *Enxangadas* ou *Abicedo*.



Victoriano Taibo vive nunha época convulsa. Literariamente a súa obra poética encádrase no *Segundo Renacemento*⁴, un período que vai de 1914, inicio da segunda guerra mundial e das revoltas agraristas no noso país, a 1939, en que remata a guerra civil e se inicia un período de silencio interior e exilio que perdurará até 1950 aproximadamente. Como sabemos, o *Segundo Renacemento* caracterízase pola presenza e a consolidación da ideoloxía nacionalista, da que o noso autor será partícipe (é un dos asinantes do manifesto da I Asemblea nacionalista de Lugo). Trátase dun período no que conviven diferentes xeracións literarias, sendo unha delas a que se veu denominando a *xeración das Irmandades da Fala*, á que o noso autor pertencería, xunto con Ramón Cabanillas. Os trazos caracterizadores dos escritores desta xeración son publicar a maior parte da súa obra na década dos 20, participar das primeiras empresas galeguizadoras, ademais de compartir uns mesmos presupostos estéticos⁵: unha poesía influída polo modernismo hispano, o saudosismo portugués, a obra dos irlandeses Yeats e Tennyson, e que emana



fundamentalmente dun claro posicionamento ético de concienciación política, constituíndo, no caso de Cabanillas, "a auténtica ponte que nos permite transitar do Rexurdimento ás vangardas"⁶.

VICTORIANO TAIBO POETA

A maior parte dos estudosos coinciden en sinalar a proximidade da obra literaria de Taibo coa de Cabanillas, a quen inclúe nos seus libros poéticos, xa sexa por estar dedicado, *Da vella roseira*, xa sexa por estar prologado, *Abrente*. E si, Taibo compartía o seu tempo vital e mesmo





as súas inquedanzas con Cabanillas, mais non só, Manuel Antonio será tamén un dos seus interlocutores, como comprobamos na correspondencia intercambiada entre ambos. Por outro lado, Taibo ten en Pondal ao seu referente poético, tomando do autor de *Queixumes dos pinos* o ton épico e a linguaxe combativa.

Segundo sinala Xabier Campos Villar en *A obra narrativa en galego de Manuel Lugo Freire*⁷, Victoriano Taibo gozaba na súa época da consideración de ser un dos catro poetas máis representativos xunto con Cabanillas, López Abente e Noriega Varela. Esta afirmación vese



▶ Asistentes á Asemblea nacionalista de Lugo (1918)

corroborada polas palabras que lle dedica Manuel Antonio, como podemos ler na carta que lle envía o 22 de abril de 1921:

Eu apreseime a escrevirille por ser vostede unha d'as contadas persoas que n'a nosa literatura poética érguense por riba da vulgaridade e pensan en algo máis fino que versos in-espritoaes, groseiros e desprestixiosos.⁸

Pola súa parte, Taibo maniféstalle a Manuel Antonio a súa admiración, considerándose a si mesmo un escritor sen formación, algo que, sempre seguindo as súas palabras, pexa os seus versos e impide que teñan o celme necesario, unha eficacia da que parece que lle teña falado Manuel Antonio.

Eu son no orde literario un feito real d'iste caso: fago versos sin cultura nin preparación. De onde tira-lo celme que choia a eficacia que vostede deseja?

Avella escura do cortizo da Terra, -só da Terra!- non teño máis celme que o que deito nos meus versos...

A por de vostede eu son un vello e un desorientado. Os meus versos ulen a clásico que da pena.⁹

A admiración de Taibo por Manuel Antonio é evidente nesas palabras en que se presenta como máis vello e desorientado, manifestando a súa consciencia de que o seu traballo poético pertence a outra época e que non está a altura da modernidade que xa reclamaban os futuros asinantes do manifesto "Máis alá". Esta correspondencia deixa constancia tamén de que Taibo lle solicitaba a Manuel Antonio que lle suxerise revistas e libros para achegarse ás propostas máis innovadoras.

Estas cartas dannos idea da concepción que Taibo ten da súa obra, por un lado, e tamén da recepción que outro poeta da época, como é Manuel Antonio, ten dos seus versos. Victoriano Taibo di da súa poesía que:

- Desexaría que, por ser galega, fose a mellor do mundo.
- Carece de teorías artísticas e literarias e afirma que fai versos sen retórica.

- Publica pouco, porque escribe pouco.
- Considera os seus versos propios dun tempo pasado e gustaríalle que fosen máis novos, máis acordes cos tempos.

Porén, Manuel Antonio, que reclamaba o asesoramento lingüístico de Taibo, manifesta que estamos diante dun poeta ao que cómpre prestar atención, polo seu dominio da lingua e a profundidade da súa mensaxe. E desde hoxe non podemos máis que estar de acordo coa afirmación de Manuel Antonio, quen insiste en rebater que os versos de Taibo cheiren a clásico ou que sexan versos incultos, pedíndolle que sexa máis orgulloso e solicitándolle que publique máis: “Anque non sexa mais que para fazer ver que non todos os que escriven en galego son xente sin miolo.”¹⁰

Considérase a Victoriano Taibo como un dos poetas que rompe co ruralismo na poesía galega, de feito súas son estas palabras tomadas do artigo “Fala y estética”, publicado o 1 de xullo de 1917 no número 14 de *Maruxa*: “Foi a literatura ca pruma esgallada de zafiedade (...) a que adeceu e sufriu resiñada o andacio pezoñento de tanto esquirtore de monteira, cirolas y-estadullo”, polo tanto “Isa literatura mocha, aldraxante e charramangueira finouse, y-é un




▶ Manuel Antonio

deber enterral-os mortos”.¹¹ Recolle X.L. Axeitos¹² que, con motivo do 25 de xullo de 1929, *El Pueblo Gallego* publica unha páxina en que recolle a obra de varios poetas, situando ao inicio da mesma aos poetas que a publicación considera seguidores dunha tendencia académico-nostálgica e emotiva, que serían Eladio Rodríguez, Cabanillas, López Abente e Taibo, e despois dunha liña divisoria que parte a páxina en dúas metades, os que representan unha nova estética, máis plástica, suxestiva e cerebral, que serían Manuel Antonio, Fermín



▶ Recorte de prensa no que destaca a xuntanza do Seminario de Estudos Galegos por mor do ingreso dos poetas Taibo, Risco, Abente e Noriega. Escrito a man, os nomes de: Asorey, Cuvillas, Risco, Cabeza León, Otero Pedrayo e Lugois Freire



Bouza, Joham Carballeira... Temos pois, ao noso poeta no fiel da balanza entre dous tempos poéticos.

Da lectura da súa obra comprobamos que a súa poesía abala entre unha liña continuísta de liñaxe popular, presente, por exemplo, no libro *Da vella roseira*, en que segue cultivando unha poesía amorosa que perpetúa os tópicos do XIX, e unha poesía de afirmación nacionalista e de crítica social centrada na reivindicación do país, no enalzamento de todos os que loitan por Galiza e na crítica aos que conscientemente ignoran a súa identidade, na liña do ideario das Irmandades da Fala, pasando por unha poesía lírica e intimista en que o autor deita as máis persoais emocións.

Se facemos un pequeno percorrido por algúns tratados de literatura veremos que Carballo Calero agrupa a Taibo xunto con López Abente e Cabanillas, os dous introdutores do seu libro *Abrente*, como poeta modernista, mais sinala nel certa inclinación ao vangardismo. Carballo fai fincapé na semellanza da voz de Taibo coa de Cabanillas, até o punto de que “ás veces non se distingue dela doadamente”, aínda que, para Carballo, a Taibo fáltalle “aquele maino e naturalísimo decorrer do verso”¹³. Carballo Calero indica como o libro máis interesante do


autor *Abrente* e considera *Da vella roseira* “unha colección de cantares”¹⁴ que segue a métrica e a temática populares, malia que nalgunha desas estrofas esteamos diante de versos de clara inspiración literaria. Fernández del Riego refírese a Taibo como “Poeta nobre, cantou con fermosa austeridade e a súa palabra dá sensación de rectitude. A vella tradición galega mestúrase, en criadora liña armónica, coas correntes modernas.”¹⁵

Pola súa parte, Méndez Ferrín¹⁶ considera que Victoriano Taibo sería un dos poetas da Xeración Nós, xunto co propio Otero Pedrayo e Xohán Vicente Viqueira, Zapata García e Roberto Blanco Torres. Ademais de mencionar a pegada de Pondal na súa obra, e a súa proximidade coa de Cabanillas, indica nel a “incursión ocasional en audacias métricas e de imaxe propias da vangarda”¹⁷, citando como exemplo os versos dedicados a Manuel Antonio.

A OBRA [ABRENTE]

Taibo refírese a este libro na carta enviada a Manuel Antonio entre os meses de maio e xuño de 1921, indicando que ten o libro feito, mais que non ten cartos para publicalo. Na mesma carta di que é un libro sen unidade e sen altura,

[X. Lois Vilar / IEM]



[Arquivo Familia Taibo]



Acto de coroación poética de Cabanillas, en Padrón, abril de 1958. Victoriano Taibo sentado entre Xulio Sigüenza e Ramón Cabanillas, no centro da fotografía

porén Manuel Antonio maniféstalle o seu gusto polo libro e nega que sexa un libro cheo de cousas vellas. Das cartas de Manuel Antonio deducimos que o libro tivo problemas de distribución ao non se querer facer cargo o editor del, polo menos nalgunha vila galega. Varios dos poemas do libro foran xa recollidos en publicacións periódicas, sendo o primeiro do que temos noticia o poema “Solpor” que se publicou por primeira vez o 10 de novembro de 1913, no número 47 de *Vida Gallega*, baixo o título de “A cantiga d’a lembranza” cunha estrofa final que non presenta na edición definitiva.

O libro publicouse en 1922¹⁸, está dedicado aos seus irmáns, en memoria da súa nai, e conta con introducións poéticas de Ramón Cabanillas e López Abente. O poema de Cabanillas é unha invocación a San Patricio, patrón dos irlandeses, establecendo unha conexión co país céltico. Nesta introdución poética Cabanillas refírese a Taibo como “Poeta, meu irmán na loita eterna, // roxa, abafante, brava”. A introdución poética de López Abente iníciase pedindo paso para un poeta por entre un “lírico xardín de córes brillantes”. Os versos de López Abente falan dun corazón vermello e valente que brilla na tormenta, dun poeta da nova época dos loitadores que deixa atrás o tempo dos doridos prantos, que dá por rematado.

Este agarimo con que o libro é prologado, así como a continua dedicatoria de moitos dos seus poemas a distintos amigos nacionalistas, dannos unha idea da fraternidade que existía entre aqueles homes de principio do século XX a quen tanto lle debemos.

Os poemas de *Abrente* podemos clasificalos do seguinte xeito:

- Poemas patrióticos.
- Poemas costumistas.
- Poemas intimistas.
- Poemas de inspiración vangardista.

Poemas patrióticos

Son estes poemas que entroncan coa liña de concienciación política que está presente tamén en *Da terra asoballada* de Cabanillas, neles denúnciase a opresión da nación denominando o país como terra aldraxada ou terra escrava. Son os poemas en que está máis presente a pegada de Pondal, evidenciada en escollos léxicos como varudo, férrido, largacías gandr’as, pinal fungadore... Así no poema dedicado “A Jaime Quintanilla”, que dialoga directamente co texto dos Pinos:

*Os tempos son chegados
das esgrevias cruzadas,
van comezarse os feitos
que os bardos anunciaran, (páx. 60)*

Os poemas patrióticos constitúen un dos núcleos fundamentais do libro, que desde o título quere ser un texto disposto para iluminar o camiño a seguir, o camiño do amor á patria e da súa reivindicación. Así no primeiro poema: “Na morte de Luís Porteiro”¹⁹, que fora publicado por primeira vez o 5 de xaneiro de 1918 en *A Nosa Terra*. Taibo refírese a Porteiro como “luitadore da terra asoballada” e defíneo como unha persoa con luz propia que “a luita alumeabas”, mais que infelizmente morreu e deixou aos seus compañeiros de loita (“generosos luitadores da Patria”), “envolveitos na treva”. Mais, malia a tristura pola morte do camarada, “cando un sol se pon // anuncia unha alborada”, non hai pesimismo. A esperanza continúa pois o seu traballo ha permanecer: “a termar da neviña // que il semeóu nas almas”, porque o amigo morto loitou contra “as cadeas brutaes // que agrilloan á Patria”, loitou pola “Tradizón e a Terra, // o Dereito e a Fala.”

O poema dialoga directamente co “En pé!” de Cabanillas²⁰, dedicado tamén a Lois Porteiro, como comprobamos non só no ton épico do texto, senón tamén no seu carácter invocativo, na referencia á bandeira, ao asoballamento da nación.



▶ Ramón Cabanillas nos anos da década de 1930



*E o día da victoria,
ao resoal-o hosanna,
cando de gloria chea,
a enseña azul e branca
pregoe nos cururtos
a libertade da Nazón Galaica
entón, oh Luitadore
da noble terra escrava!
radioso de ventura
virás dos trunfadores na compañía,” (p.p. 19-20)*

Outros poemas dialogan tamén directamente coa obra de Cabanillas, é o caso do poema “Os lobos”, en que Taibo emprega tamén a metáfora dos lobos para se referir aos caciques, ou os poemas “Ao cume” e “A estrada da libertade” (ambos os dous publicados en *A Nosa Terra*, en 1918 e en 1919 respectivamente), que fan referencia ao poema “Acción gallega. Hino”:

*Que a labarada ardente e tráxica do facho
envolva nun refacho
de fogo dardexante, de chamas e de luz,
as laceiras da Terra;
¡Irmaos, queimemos esta cruz! (páx. 86)*

Entre os poemas de denuncia, está o poema “Pombas sin niño”, dedicado a J. Portal Fradejas e que a primeira vez fora publicado co título de “Almas doridas”, o 22 de decembro de 1913 no



► Ramón Vilar Ponte


número 49 de *Vida Gallega*, é un poema que critica a política da emigración, na liña iniciada por Rosalía Castro e Curros. A crítica realízase a través dun diálogo entre unha moza e unha vella, en que Taibo adopta unha perspectiva emotiva e intimista, falando do amor para denunciar a emigración contraponendo a visión histórica, a vella, ao momento presente, a moza, realizando así unha advertencia aos seu coetáneos, pois a vella lembra cal foi o resultado da emigración en anos pasados: soidade para os que permanecían, morte para os que emigraban e perda de homes para a terra, que así se vía cada vez máis empobrecida. Se temos en conta que o poema está dedicado a Portal Fradejas, entenderemos por que Taibo escolle para realizar unha visión crítica da emigración a dúas mulleres, pois do papel das mulleres nunha sociedade en que os homes emigran fala Portal Fradejas²¹.

Singularízase polo seu simbolismo o poema “Brua o mar!”, dedicado a R. Villar Ponte, nel o autor vai contraponendo a terra e o mar, un mar bravo en que baten as ondas que son imprecacións ameazantes, berros de maldición, mentres a terra laméntase ou fica aterecida. O poema remata chamando polos “luitadores” e pídelles que as súas “almas brancas” sexan como o “craror da alba escuma”. Taibo contrapón a cor branca, representada aquí pola escuma, a claridade, con expresións reforzadas por epítetos como alba, como símbolo do dinamismo da loita, un valor positivo que permite a evolución e o avance, fronte ás cores escuras, ás “mourenzas do

peiral”, que simbolizan o estatismo e o inmovilismo, o conservadorismo do que nada bo se pode agardar. A simboloxía da cor branca como dinámica e progresista, fronte ás cores escuras como estáticas e conservadoras, está reforzada polo feito de asignarse a cor branca ao mar en movemento, e as cores escuras á terra. Consegue así un texto dunha gran plasticidade e cargado de lirismo, que ao tempo redonda na mensaxe reivindicativa.

Algúns destes poemas están escritos desde a perspectiva do que denominaríamos optimismo revolucionario, como podemos ver no poema dedicado a Lois Peña Novo²², publicado inicialmente en *A Nosa Terra*, o 20 de novembro de 1917.

*Oh nobres luitadores
dos meus garridos eidos!
C'os nosos peitos fortes
fundidos n'un so peito,
s'hai que cair cahiamos
crebando o duro ferro,
e no chan benamado
deixemol-o regueiro
de luz de Liberdade
e na abirta, a semente do Dereito. (páx. 48)*



► Lois Peña Novo

Optimismo e entrega, unha entrega plena que se evidenciou claramente na súa implicación activa no nacionalismo ou ideando diferentes proxectos que redundasen na construción e defensa da patria, e deixando mostras evidentes deste compromiso na súa obra literaria que ten un dos eixes de inspiración no seu activismo:

*Luitadores da Terra
ja comeza a batalla!*

Contai coa miña vida!

*Oh si sola abondara
p'ra facere unha terra ceibe e rica
da miña pobre terra asoballada! (páx. 61)*

Mais non en todos os casos o afán reivindicativo se traduce en poemas de ton épicos. O poema “E foi!” (publicado por primeira vez o 10 de marzo de 1917, en *A Nosa Terra*) é unha alegoría do trato dado a Galiza. Nunha primeira lectura o poema fala dunha moza fermosa, pura (“... Tiña o seu corpo // virge como o corazón, // tan amantiño e tan puro // cal outro non dera Dios.”), mais a súa fermosura, como no mito de Medusa, foi a súa perdición, pois foi motivo de aldraxe e de deshonra:

*E unha lingua rejubeira
chea d'enveja e traizón,
a gadoupa sanguineta
na sua honra cravóu. (páx. 56)*

Pediu compaixón e xustiza, mais nada diso chegou, senón pauliñas e maldicións, perdeu creto, amizade, amor... e “esquecida e aldraxada// sin agarimo choróu”

*Mas quedou-lle a fermosura
cal outra non dira Dios;
e de todos desbotada,
pois tiña que ser... e foi! (páx. 58)*

Poemas costumistas

Son poemas que manteñen unha liña continuísta coa poesía que vén do XIX, como o poema “Moza gallega”, publicado anteriormente en 1914, en *Vida Gallega*, número 52. Trátase dun poema cheo de tópicos: “... os teos ollos, ... Cal froles dos liños... Tes ... nas tuas

meixelas,... Místico arrebol; ... Son, nena, os teus labres craveles acesos...”. Versos en que predominan os símiles cos elementos da nosa natureza, que culminan coa estrofa en que se compara as mans da moza, que por suposto son fidalgas, coa luz das rías galegas.

O poema “Noitébrega” singularízase pola pegada evidente do poema “O sapo” de Curros Enríquez, aínda que este poema non é unha crítica aos trabucos, senón unha descrición da vida aldeá:

*Na aldea silenciosa
fumegan os tellados;*

...

*A habenza vén da serra
polo lugar balando;*

...

*E misteriosamente rompe a cantá-lo sapo;
(pp. 89-91)*

Outros son poemas como “Predica meu frade...” ou “Regueifa”, unha rifa entre dous namorados, que falan do amor e están directamente inspirado na literatura popular:

*Si che canto de ruada,
cantar é perdel-o tempo,
e si paso e che non canto
é porque ja te non lembro (páx. 54)*

Poemas intimistas

Constitúen un dos conxuntos de poemas de maior interese porque neles reside o lirismo máis persoal de Taibo. Son poemas que fan referencia ás emocións máis íntimas do poeta, por veces crípticos en canto á súa interpretación e que, nalgún caso, están emparentados coa Rosalía máis intimista, así o poema “Aquilo que eu arelo // onde estará Señor?”, o poema “¿A onde ides, meus tolos pensamentos...”, ou o poema “Abala!” (recollido na antoloxía *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, de Fernández del Riego, en 1921):

*¡Que ninguén o saiba! ¡Que ninguén me
vexa,
alma!
fuxir contigo ao alén,
a onde tu vaias; (páx. 33)*

Poemas en que predomina a saudade da terra (“Ao niño”, publicado con anterioridade en 1918 en *A Nosa Terra*) ou que falan do paso do tempo e da chegada da morte que nunca é desexada:

*cando os anos se foron de fuxida
e encol de nós nevou,
con máis forza e cariño a vida amamos
e por vé-la alongada suspiramos; (páx. 67)*

Outros son poemas de temática amorosa, en que amor é dor de amor se non se sabe tratar e as metáforas creadas polo poeta están ao servizo da expresión alegórica dese dano que a precipitación lle causa ao amor:

*Eu fixera pra íla un ramo mui xeitoso,
que a albura do seu peito cubizaba suidoso:
ofrecin-llo e colleu-no con tal présa e afán,
que ao sentir das espiñas as lacerantes
mágoas,
ceibou axiña as rosas ciscando-as polo
chan...
¡Nas súas maos quedaron as espiñas e as
bágoas! (pp. 64-65)*

Poemas de inspiración vangardista

Neste caso, Victoriano Taibo achégase á estética máis rompedora dos anos 20, deixándonos algún poema que procura a innovación desde o punto de vista formal, ao xogar coa disposición tipográfica dos versos.

É o caso do poema: “Rúa do Misterio”, publicado primeiramente en *A Nosa Terra*, o 31 de maio de 1921, e precisamente dedicado a Manuel Antonio. O poema parece seguir a poesía do rianxeiro adoptando unha disposición formal próxima dos poemas de *De catro a catro*:

*Nos redemuíños
do vento
do rio
da brétema
e do mar. (páx. 24)*

O poema fálanos de que o poeta camiña sempre cara a adiante, malia a saudade e o misterio (na rúa do Misterio ou da Saudade), sempre camiño da terra.



Ademais da disposición formal dos versos, que unha rúa sexa tema dun poema, ou que todo o poema se constrúa sobre unha metáfora serían tamén trazos propios da poesía vangardista, que, malia estar presentes nalgúns dos poemas de *Abrente*, quedan esluídos no ocasional, pois non hai unha clara intencionalidade vangardista no autor.

[DA VELLA ROSEIRA]

Publicado en 1925²³, recibiu o primeiro premio nos certames da Asociación de Mestres Católicos de Galicia e a Revista La provincia de Pontevedra. É un conxunto de estrofas de formato e temática populares, cada páxina componse de dúas cuartetos asonantadas e un tercetiño, ou terceto de arte menor. Algúns dos seus poemas tamén foran publicados con anterioridade, en concreto no número 73 de *Vida Gallega*.

Estas cantigas tratan do amor e do desamor, das relacións entre homes e mulleres. Son estrofas en que por veces predomina a ironía:

*Vin-te como can de cego
de trás d'unha costureira;
se l'encargal-as cirolas
que che deixe para'as medras. (páx. 11)*

Ou que conteñen a súa dose de crítica social:

*Eu ben me casaba, ben;
como non teño con qué,
tampouco teño con quén. (páx. 16)*

Reitérase ao longo do libro a imaxe da rosa, con distintas significacións: a brevidade da mocidade:

*Rosiña que na roseira
ao sol abalando estás,
aínda onte abrochache
e xa te queren levar! (páx. 11)*

Tamén como imaxe da dualidade contraditoria que fai que beleza e dor vaian unidas:

*Prendado dos teus feitizos
a unha linda rosa amei;
era rosa e tiña espiñas,
nas espiñas m'espiñei. (páx. 19)*

Só na derradeira páxina do libro atopamos dúas estrofas que nos falan da nosa lingua, e por tanto da nosa identidade. Só dúas estrofas, mais de tal rotundidade que, isto unido ao seu alto grao de achegamento á literatura popular, circulan de boca en boca e mesmo teñen pasado á música actual baixo a aparencia de copla popular, así é o caso da magnífica estrofa:

*O galego que non fala
na lingua da sua terra,
nin sabe o que ten de seu
nin é merecente d'ela. (páx. 35)*

Deste xeito, o autor non perde a oportunidade de nos levar á reflexión sobre a nosa lingua, dun xeito directo proclamando a singularidade do noso idioma e do noso pobo, e declarando que só é galego quen emprega o noso idioma.

[¡Ríte!]

De entre os poemas recollidos en publicacións periódicas, destacaremos este poema publicado o 1 de xullo de 1926 na primeira páxina do xornal *El Pueblo Gallego*, e que hoxe está publicado en www.bvg.udc.es.

É un poema de crítica sociopolítica, en que se rexeita contundentemente a actitude dun mozo, que só pensa en si mesmo e no seu divertimento, mentres o país esmorece cos seus males:

*Que namentras ti souril borreas, trunfas e
gozas
a tua terra, a dos teus,
leixada chora!
Por un camiño de seijos, abaijada e soedosa,
vai arrastrando os grilons da cadea qu'a
aprisiona.*

Esta crítica á mocidade, a unha mocidade que carece de responsabilidade e de compromisos, xa a fixera o autor noutro poema de *Abrente*, no poema "Os lobos" (publicado o 10 de maio de 1917 en *A Nosa Terra*). Mais non é unha crítica xeneralizada, pois no mesmo poema "Os lobos" fálase tamén dunha mocidade loitadora. En "¡Ríte!" debemos entender que o mozo é unha representación da sociedade máis desarraigada.

A nosa terra aparece no poema identificada cunha nai vestida con farrapos: "Por roupa viste o fatelo de farrapos que lle donan, // pois todo o que ten de seu é d'esmola.", unha nai que non ten casa de seu e que non recibe a axuda de ninguén. Taibo sinala aos propios galegos desleigados que renuncian ao seu país, e que non queren coñecer cal é a súa verdadeira identidade, como responsábeis da decadencia de Galiza:

*qu'inda os que se chaman seus da mesma
mai s'avergonzan.
Son eles os que sosteñen o cepo en qu'á Terra
inmolan!
... Son eles, coraçós fêridos,
os que afogan
os berros de libertade que saen da sua gorja.*

O remate do poema agudiza a súa crítica ao dirixirse ironicamente a ese mozo que é unha parte do noso pobo:

*Non perdas baila nin trisca, espadela nin
esfolla,
que te non coute a tristura n'esa idade
venturosa,
rí de cote, ríte a feito,
Ríte, idiota!*

REMATE

Como indicabamos ao inicio estamos ante un autor que pertenceu á *Xeración das Irmandades da Fala* e que estivo moi próximo da estética de Cabanillas, coa singularidade da inclinación de Taibo pola poesía vangardista á que tentou achegarse na súa obra. A súa é unha poesía en tránsito entre os ecos do Rexurdimento e a necesidade dunha nova poética, por iso ao lado de poemas dunha grande forza intimista, están aínda poemas que manteñen o costumismo doutroa.

Desde a perspectiva de hoxe, vemos que o que gozou no seu tempo de ser un poeta de relevo entre os seus coetáneos, pasou a ser unha referencia menor nos tratados de historia da literatura. O feito de ter compartido espazo con poetas da altura de Cabanillas ou Manuel Antonio e de ter sido analizada a súa obra como debedora da de Cabanillas, xunto co feito obxectivo de contarmos cunha escasa obra poética publicada, da que só pode destacarse *Abrente* como texto poético de interese, amortece os pequenos logros que puideron quedar do autor. Sempre se considerou a Taibo como discípulo de Cabanillas, e isto, que é así especialmente no que ten que ver cos poemas de temática patriótica, non deixou que se lle dese o relevo merecido á súa obra, especialmente aos poemas máis líricos, aqueles que clasificamos como intimistas. E a súa obra, por pequena ou pouco singular que fose, merece formar parte das antoloxías, pois como outras obras antologadas, contén os seus propios logros.

Non podemos deixar de pensar que a imaxe dun Taibo seguidor de Cabanillas se foi trasladando ao longo da historia da literatura galega esquecendo outra parte da súa obra, a poesía intimista, que debería concitar a atención dos lectores, como o resto da súa obra poética. Por outro lado debemos considerar ese “seguidismo de Cabanillas” no seu contexto. Consideremos que estamos a falar da *xeración das Irmandades da Fala*, e que nela Cabanillas foi un poeta emblemático, que recolleu o encargo de realizar unha poesía de concienciación patriótica destinada, como outras producións

literarias da época, a un labor pedagóxico de espallamento do ideario nacionalista. Un irmán como Taibo non podía por menos que seguir ese mesmo ronsel, porque moi posibelmente era tamén súa a convicción de formar o noso pobo. E insistamos novamente na escaseza da obra literaria impresa que chegou a nós, unha consecuencia tamén dese contexto político en que a Guerra Civil e a Ditadura coutaron toda aparencia de normalidade e impediron o desenvolvemento da obra destes homes, vítimas políticas e literarias da crueldade fascista, así Victoriano Taibo que, como a inmensa maioría dos mestres da época, foi depurado e suspendido de emprego e soldo con trasladado forzoso a Valladolid, acusado de ser “galeguista”.

Por tanto, debemos destacar que estamos diante da obra dun home comprometido con Galiza, presente sempre na súa obra, xa sexa para gabarse da nación, xa sexa para criticar a quen lle vira as costas á patria. Taibo é outro nacionalista confeso e loitador que formou parte dun grupo de persoas entregadas á construción de Galiza no primeiro cuarto do século XX. A súa obra é unha mostra máis da camaradería e o compromiso daqueles homes que participaron de tantos proxectos colectivos. A todos eles débémolles moito do que hoxe somos e temos, pois eles puxeron os chanzos que unha guerra cruel esborrallou, mais deixaron o deseño desa espiral pola que eles mesmos tentaron seguir despois dos anos 50, e que nos deixaron a nós para que continuásemos tan honrada empresa.



► Manuel Antonio

O mestre de Guillufe dedicou parte importante da súa produción literaria a construír poemas directos e elocuentes, poemas de compromiso político, poemas en que expresaba a súa vontade de loitar contra os males da terra, cunha decisión que tamén o levou a pensar noutros proxectos aínda máis combativos que, xunto coa súa obra literaria, dan mostra do seu pensamento e carácter.

“Na “Esfera” derradeira publicábase un artigo onde se maltrata a Galicia. Eu vou a redactare unha carta para a Redacción da “Esfera”, e outra para o autore chamando-lle fillo de puta ou cousa parecida: esta vai a sere a primeira actuación de R. Convén que se saiba axiña que R. existe, mais nós achantados, nin unha verba. Que nos coñezan polas obras.”²⁴ ■

¹ O poemario *Abrente* puido ser consultado na súa versión electrónica, grazas ao profesor Antón Santamarina. Tamén grazas á colaboración da familia do poeta puidemos ter acceso a numerosos datos sobre a publicación das súas obras.

² Francisco Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*, 1981, Galaxia, Vigo.

³ Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 1981, Galaxia, Vigo.

⁴ Francisco Rodríguez Sánchez, *Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación)*, 1990, Ed. do Cumio, Vigo.

⁵ Xosé M. Millán Otero, “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, *Historia da literatura galega*, 1996, AS-PG, Vigo.

⁶ Obra citada, pág. 556.

⁷ “O 14 de marzo de 1926 participa nos actos literarios do Seminario de Estudos Galegos cos que esta institución pretendía homenaxear o incansable traballo de Carolina Michaëlis de Vasconcellos, e que servirán tamén para o ingreso no SEG de Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo, catro dos poetas máis representativos daquel tempo.” Xabier Campos Villar, *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, 2000, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pág. 82.

⁸ Manoel-Antonio, *Correspondencia*, 1979, Galaxia, Vigo, pág. 97.

⁹ Obra citada, pp. 69-70. Segundo a edición de García Sabell, esta carta de Taibo ten data de 27 de abril de 1920, mais esa non pode ser a data, pois como podemos ver nas cartas sucesivas, esta carta tivo que ser recibida por Manuel Antonio entre o 22 de abril e o 1 de maio de 1921, datas das cartas de presentación e resposta de Manuel Antonio.

¹⁰ Obra citada, pág. 101.

¹¹ Dolores Vilavedra, “PASADO, PRESENTE Y FUTURO DE LA NARRATIVA GALLEGA”, Actas del I Encuentro de Autores «Palabras, palabras, palabras», Zaragoza, 3 a 6 de abril de 2000: *La literatura gallega ante el siglo XXI*, (Antonio Francisco Pedrós y María Asunción Gasca, Eds.). Vilavedra recolle a cita do número 28-29 de A Nosa Terra, 30 de agosto de 1917.

¹² X.L. Axeitos, *A poética de Manuel Antonio*, 1993, Edicións do Cumio, Vilaboa.

¹³ Ricardo Carballo Calero, obra citada, pág. 600.

¹⁴ Obra citada, pág. 600.

¹⁵ Francisco Fernández del Riego, obra citada, pp. 147-148.

¹⁶ Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, 1984, Ed. Xerais, Vigo.

¹⁷ Obra citada, pág. 46.

¹⁸ Victoriano Taibo, *Abrente (versos galegos)*, 1922, El Eco de Santiago, Santiago de Compostela.

¹⁹ Lois Porteiro foi compañeiro das Irmandades da Fala morto en plena xuventude. Del diría Cabanillas que era un dos que leva na fronte unha estrela, un namorado das ideas.

²⁰ “ergámo-la bandeira azul e branca!

¡E ó pé da enseña da nazón galega

cantémo-lo dereito

a libertar a Terra!”

Ramón Cabanillas, *Da terra asoballada. 1 Obra completa*, 1979, Akal Editor, Madrid, pág. 298

²¹ Portal Fradejas avogado e xornalista que en 1921 publica un artigo sobre a emigración “Feminismo”, en *La Voz*, artigo en que analiza que, coa emigración, a muller pasa a ser a sustentadora da sociedade galega entregada ao traballo, á casa e aos fillos.

²² Peña Novo, avogado, primeiro concelleiro electo nunha candidatura nacionalista en Galicia, en 1920, autor de varios artigos publicados na época: “El idioma y el derecho”, “Nacionalismo e democracia”, “As dúas Galiciaas”, “O silencio de Galicia”.

²³ Victoriano Taibo, *Da vella roseira, Cántigas orixinais*, 1925, Santiago de Compostela.

²⁴ Carta dirixida a Manuel Antonio, sen data, Manoel-Antonio, *Correspondencia*, 1979, Galaxia, Vigo, pág. 186. R. é a abreviatura de *Rexurdimento*, que como o propio Taibo explica ao inicio da carta sería unha comunidade secreta integrada inicialmente só por Taibo e Manuel Antonio e que tería por obxecto actuar publicamente cos posicionamentos necesarios mais sen estes ter que estar asinados polos poetas.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

X.L. Axeitos, *A poética de Manuel Antonio*, 1993, Edicións do Cumio, Vilaboa.

Xabier Campos Villar, *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, 2000, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pág. 82.

Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 1981, Galaxia, Vigo.

Francisco Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*, 1981, Galaxia, Vigo.

Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, 1984, Ed. Xerais, Vigo.

Xosé M. Millán Otero, “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, *Historia da literatura galega*, 1996, AS-PG, Vigo.

Francisco Rodríguez Sánchez, *Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación)*, 1990, Ed. do Cumio, Vigo.

Manoel-Antonio, *Correspondencia*, 1979, Galaxia, Vigo.

Dolores Vilavedra, “PASADO, PRESENTE Y FUTURO DE LA NARRATIVA GALLEGA”, Antonio Francisco Pedrós y María Asunción Gasca, (Eds.), *La literatura gallega ante el siglo XXI*, Actas del I Encuentro de Autores «Palabras, palabras, palabras», Zaragoza, 3 a 6 de abril de 2000.